

**ACTA DA SESIÓN Nº 2 DA MESA DE CONTRATACIÓN RELATIVA Á LICITACIÓN POR
PROCEDIMENTO ABERTO PÚBLICO: CONTRATACIÓN DO SERVICIO DE ASISTENCIA TÉCNICA
NA XESTIÓN E MANTEMENTO DO SISTEMA DE DEPURACIÓN DA E.D.A.R. DO RECINTO FEIRA
INTERNACIONAL DE GALICIA (REF.: 6006/2011-05)**

DATA: 25 de outubro de 2010

LUGAR: Oficinas FUNDACIÓN SEMANA VERDE DE GALICIA. Silleda.

ASISTENTES:

- D. Manuel Sanmartín Alende (Director Económico - Financeiro), Presidente
- D. Carlos Mato Montoto (Director de Infraestrutura e Servizos), Vogal
- D. Miguel Sánchez Varela (Director Comercial), Vogal
- D^a. Silvia Regal López (Directora de Comunicación e Marketing), Vogal
- D. Manuel Bernárdez Carbón, Secretario

Como continuación á sesión nº 1 mantida o día 14 de outubro procédese a nova reunión da comisión de contratación composta polos membros arriba indicados procedendo ó estudio da documentación requirida ás seguintes empresas o día 14 de outubro:

INSTALACIONES XACOBEO, S.L.- Habéndose requirido o “Poder declarado bastante pola Asesoría Xurídica Xeral da Xunta de Galicia”, recibíuse a documentación no prazo acordado. A mesa de contratación admite a documentación administrativa do sobre “A”

Sendo, finalmente, a relación de empresas aceptadas a seguinte:

1. APPLUS NORCONTROL, S.L.U.
2. INSTALACIONES XACOBEO, S.L.


De seguido, procédese a examinar e analizar a documentación contida no sobre “B”, coas correspondentes deliberacións dos membros da mesa e tendo en consideración as explicacións técnicas de D. Carlos Mato Montoto (Director de Infraestrutura e Servizos).


De forma individualizada procédese a votación de cada unha das ofertas, resultando as seguintes puntuacións medias:


Empresa Licitadora	15.2 Medios personais e técnicos (ata 40 puntos)	15.3 Memoria técnica de operatividade e actuacións (ata 10 puntos)	TOTAL VALORACIÓN SOBRE "B" (ata 50 puntos)
Applus Norcontrol ,S.L.U.	39,00	9,40	48,40
Instalaciones Xacobeo, S.L.	24,40	3,60	28,00


Así mesmo, procédese a determinar a data na que se levará a cabo o acto público para a apertura dos sobres "C", que se fixa para o día **29 de outubro de 2010, ás 12:45 horas** nas Oficinas da Fundación Semana Verde de Galicia.


E non habendo mais asuntos que tratar, levántase a sesión, asinando os comparecentes a presente acta.

D. Manuel Sanmartín Alende

 Presidente

D. Carlos Mato Montoto

 Vogal

D. Miguel Sánchez Varela

 Vogal

D^a. Silvia Regal López

 Vogal

D. Manuel Bernárdez Carbón

 Secretario